

SEPE

CALENDARIO LABORAL

5/09/2024

Para a Tropa só hai recortes

O borrador presentado polo SEPE é moi similar o que xa temos. **A CIG non está de acordo** coa proposta polos seguintes **motivos**:

- Recorta o tempo de cortesía, pasando a ser para todas as unidades de 30 minutos. O calendario en vigor establece unha cortesía de 40 minutos para o persoal de oficinas por fichar a través do ordenador e entender que ese sistema retrasa o tempo para fichar. Agora que todo o persoal ficha a través do ordenador e o lóxico sería que todo o organismo tivera os 40 min. de cortesía, o reducen a 30. A CIG defende que se manteñan os 40 min.
- O horario obrigatorio o decidirán ás comunidades autónomas. Habilita ás direccións provinciais a solicitar ós servizos centrais a modificación do horario obrigatorio para adaptalo ó que teñan os servizos de emprego autonómicos. De facto, isto xa estaba sucedendo nalgúnhas comunidades pero agora o SEPE cede oficialmente a decisión do seu horario ás comunidades. Neste aspecto a postura da CIG é que na Galiza o SEPE sexa transferido á Comunidade Autónoma pero mentres iso non suceda, o horario ten que ser o mesmo para todo o organismo.
- Mantén a desigualdade entre o persoal con específico APC (atención directa e continuada á cidadanía) e o resto de persoas que non o teñen. O persoal que non o cobra ten a xornada obrigatoria que marca a instrución de xornada e horarios pero os APC xa non teñen que facer esa atención directa e continuada con presenza obrigatoria de 9 a 17h de luns a xoves continúan co horario obrigatorio de 8,30 a 15 h e só unha tarde.
- No horario de verán, mantense que o persoal con réxime de especial dedicación, e por extensión as persoas que perciben a produtividade de apoio, non teñen que facer unha tarde nese período salvo que as necesidades do servizo o requiran.
- Aumenta a regulación na xornada reducida para incluír que sexa compatible coas medidas de flexibilidade horaria.